

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE**

ORDE do 13 de novembro de 2020 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre persoal funcionario docente do corpo de mestres e do corpo de profesores de ensino secundario, para cubrir prazas nos centros específicos de educación e promoción de adultos.

O Decreto 88/1999, do 11 de marzo, regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros. O artigo 23 do citado decreto prevé que a provisión de postos docentes nos centros específicos de educación e promoción de adultos se efectuará a través dun concurso de traslados específico, no cal se terá en conta, entre outros méritos, a experiencia no ensino de adultos en centros EPA, así como a formación acreditada.

Ao existiren vacantes nos centros de educación permanente de adultos, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade dispuxo convocar concurso de traslados de acordo coas seguintes bases:

Primeira. *Obxecto*

1. Convócase concurso de traslados, de acordo coas especificacións que se citan nesta orde, para a provisión de prazas vacantes entre persoal funcionario docente do corpo de mestres (corpo 597), do corpo de catedráticos e de profesores de ensino secundario (corpo 590).

2. Este concurso rexerese polas seguintes disposicións:

- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público;
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación;
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa;
- Real decreto 1284/2002, do 5 de decembro; Real decreto 1834/2008, do 8 de novembro, polo que se definen as condicións de formación para o exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial e se establecen as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria;



– Real decreto 665/2015, do 17 de xullo, polo que se desenvolven determinadas disposicións relativas ao exercicio da docencia na educación secundaria obrigatoria, o bacharelato, a formación profesional e as ensinanzas de réxime especial, a formación inicial do profesorado e as especialidades dos corpos docentes de ensinanza secundaria;

– Real decreto 1594/2011, do 4 de novembro, polo que se establecen as especialidades docentes do corpo de mestres que desempeñen as súas funcións nas etapas de educación infantil e de educación primaria reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, parcialmente modificado polo Real decreto 1058/2015, do 20 de novembro;

– Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro;

– Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polo persoal funcionario docente que presta servizos nos centros educativos que imparten ensinanzas distintas das universitarias e o cómputo da antigüidade no centro en función das causas de acceso a este;

– Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, accesos e adquisición de novas especialidades nos corpos docentes a que se refire a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e se regula o réxime transitorio de ingreso a que se refire a disposición transitoria décimo sétima da citada lei;

– Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia;

– Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia e Decreto 88/1999, do 11 de marzo.

Segunda. *Vacantes*

As vacantes que se ofertan neste concurso son as que se publican no anexo I desta convocatoria para o corpo de mestres, para os corpos de catedráticos e profesores de ensino secundario, e as resultas que se produzan en cada corpo na resolución do propio concurso.

Terceira. *Participación conxunta de persoal funcionario de distintos corpos ás mesmas vacantes*

De conformidade co establecido no punto 5 da disposición adicional oitava da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e o artigo 5 do Real decreto 1364/2010, do 29 de



outubro, o persoal funcionario dos corpos de catedráticos de ensino secundario participará no concurso de provisión de postos conxuntamente co persoal funcionario do corpo de profesores de ensino secundario, ás mesmas vacantes, sen prexuízo dos méritos específicos que lle sexan de aplicación pola súa pertenza ao mencionado corpo de catedráticos.

Cuarta. *Participación voluntaria*

Poderá participar neste concurso, a prazas correspondentes ás especialidades das que sexan titulares, o seguinte persoal funcionario docente do corpo de mestres e do corpo de catedráticos e de profesores de ensino secundario.

1. Poderá participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) O persoal funcionario docente que estea en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sempre que, de conformidade co establecido no punto 6 da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, transcorresen ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

Enténdese tamén estar en servizo activo na Comunidade Autónoma de Galicia ao 31 de agosto de 2021, o persoal docente que, desde un destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, accedeu a un posto docente no estranxeiro e que debe incorporarse obrigatoriamente a esta comunidade no próximo curso académico.

b) O persoal funcionario docente que se atope en situación de servizos especiais, ou en excedencia por coidado familiares, expresamente declarados como tales, desde centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sempre que transcorresen ao remate deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) O persoal funcionario docente que se atope en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade sempre que leven polo menos un ano nesa situación ao 31 de agosto de 2021, e dous anos, se é o caso, no destino definitivo desde o que se lle foi concedida a excedencia.

d) O persoal funcionario docente que se atope en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universi-



dade, sempre que ao 31 de agosto de 2021 transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

e) O profesorado en expectativa de destino durante o curso 2020/21 que dependan organicamente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

2. Para os efectos previstos no número 1, enténdese como data de finalización do curso académico a do 31 de agosto de 2021.

3. Requisito de acreditación de coñecemento da lingua galega.

Na especialidade de educación primaria do corpo de mestres, nas de Xeografía e Historia e Bioloxía e Xeoloxía do corpo de profesores de ensino secundario será requisito imprescindible estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), ter superado o curso de perfeccionamento de lingua galega, ter a validación correspondente ou telo superado a través de proba libre. Para estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito as persoas que superasen a proba de coñecementos de lingua galega no procedemento selectivo de acceso ao corpo de mestres ou de profesores de ensino secundario.

Quinta. *Forma de participación*

1. Aínda cando se concurse por máis dunha especialidade, o persoal concursante presentará unha única solicitude, que se imprimirá unha vez cubertos os datos de participación no concurso a través do enderezo web <https://www.edu.xunta.es/cxt>

Lémbrese que para acceder a este servizo web é preciso ter conta de correo electrónico no dominio edu.xunta.es polo que, quen non a teña, deberá solicitala a través da páxina web <https://www.edu.xunta.es/contausuario/>

2. No suposto de participar no concurso de traslados por máis dun corpo, presentarase unha solicitude por cada corpo polo que se participa.

3. Persoal que completou o expediente persoal na base de datos.

Ao acceder á aplicación informática do concurso, o persoal que incorporou os datos persoais conforme a petición que lle foi formulada no seu momento pola Subdirección Xeral de Recursos Humanos encontrarase cos méritos alegados que foron validados, verá os méritos que lle son baremables e os que non son considerados para os efectos de baremo, e ofreceráselle unha puntuación para o concurso.



Nos números 6.1 e 6.3 do anexo II desta convocatoria, o persoal que participou nos concursos de traslados convocados pola Orde do 8 de novembro de 2010 (DOG do 16 de novembro), ou posteriores, concorrerá coa puntuación que nestes números lle foi outorgada pola comisión de avaliación no último concurso en que participaron, e poderá presentar para a súa consideración novos méritos que estean perfeccionados con posterioridade ao remate do prazo de solicitude da última convocatoria na que participou.

De estar conforme co baremo que se lle propón e non querer alegar ningún novo mérito, imprimirase a solicitude e presentarase conforme as normas xerais recollidas na base vixésimo primeira.

De alegar algún novo mérito, farase constar no enderezo web www.edu.xunta.es/datospersoais. A través deste enderezo poderá xerar unha solicitude coas alegacións introducidas, que deberá presentar xunto coa documentación xustificativa dos méritos alegados (a que se fai referencia no anexo II). Así mesmo, deberá presentar a solicitude de participación do concurso de traslados que se xerará a través da aplicación www.edu.xunta.es/cxt. Estas dúas solicitudes entregaranse conforme as normas recollidas na base décimo primeira.

4. Persoal que non completou o expediente persoal na base de datos.

Ao acceder á aplicación informática do concurso, o persoal que non incorporou os datos persoais encontrárase con todos os datos que a Consellería de Cultura, Educación e Universidade ten informatizados do seu expediente persoal, verá cales deles son considerados para efectos de concurso e cales non, e a puntuación que lle corresponde por cada subepígrafe do baremo en función dos datos que constan no expediente, agás nas epígrafes 6.1 e 6.3 do anexo II desta convocatoria.

De estar o expediente incompleto, o persoal concursante interesado completarao na base de datos, e imprimirá a solicitude e a folla de alegacións que xera a propia aplicación informática, e xunto coa documentación xustificativa a que se fai referencia no anexo II, entregaraas conforme as normas recollidas na base décimo primeira.

5. En todo caso, o persoal participante no concurso que alegue méritos nos puntos 6.1 e 6.3 do anexo II imprimirá a folla correspondente a estes méritos da aplicación informática e, xunto cos documentos xustificativos, remitiraa, dentro do prazo establecido na base común décimo segunda, á Comisión Avaliadora sita na Inspección Educativa de Santiago de Compostela, rúa da Besada, San Lázaro 107, código postal 15703.



6. Cando as novas alegacións sexan validadas pola Comisión Baremadora, aparecerá na aplicación informática do concurso de traslados a nova baremación resultante dos méritos alegados.

7. O persoal docente que presentara os méritos a que se refiren as subepígrafes 5 e 6 desta base no concurso xeral de traslados convocado pola Orde do 19 de outubro de 2020 (DOG do 30 de outubro), non terá que volver presentar a mesma documentación neste concurso específico.

8. A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sen prexuízo do establecido na subepígrafe 7 desta base.

9. Aínda cando se concorra a prazas de diferentes especialidades, soamente poderá obterse un único destino.

Sexta. Dereito preferente a centro

Con ocasión de vacante no corpo docente polo cal se participa, terán dereito preferente para obteren destino definitivo no mesmo centro en que tivese destino definitivo o profesorado que, encontrándose nalgún dos supostos que se indican, reúna as condicións establecidas nesta convocatoria e pola orde de prelación en que neles se relacionan:

1. Por supresión da praza ou posto que desempeñaba con carácter definitivo nun centro, ata que obteña outro destino definitivo.

2. Por modificación da praza ou posto que desempeñaba con carácter definitivo nun centro, ata que obteña outro destino definitivo.

3. Por desprazamento dos seus centros por insuficiencia total de horario ou por dispoñer de menos de cinco sesións lectivas da súa especialidade que poidan ser asumidas por profesorado doutro departamento, nas mesmas condicións que os titulares dos postos suprimidos.

Neste suposto está incluído o profesorado que resultou desprazado a outro centro por traslado de ensinanza e que durante os seis anos seguintes á realización do dito traslado ten dereito preferente ao seu centro de orixe en calquera das especialidades de que sexa titular, conforme o establecido no artigo 10 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto.



4. Para o profesorado dos corpos de catedráticos de ensino secundario, profesores de ensino secundario por adquisición de novas especialidades, ao abeiro do disposto nos reais decretos 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro, e 276/2007, do 23 de febreiro, para obter un posto da nova especialidade adquirida no centro onde tivese destino definitivo. Unha vez obtido o novo posto, só se poderá exercer este dereito con ocasión da adquisición doutra nova especialidade.

Sétima. Forma de exercer o dereito preferente a centro

Para exercer o dereito preferente a centro a interesada ou interesado deberá poñer na terceira folla da solicitude o código do centro en que exerce o dereito preferente se se produce a vacante. Na mesma folla marcará cun X o suposto polo que exerce este dereito e consignará, tamén na mesma folla, no tipo de praza, a especialidade ou especialidades de que é titular ou para as cales está habilitado.

Sen prexuízo do anterior, o persoal que exerce o dereito preferente a centro poderá exercer na mesma solicitude o dereito preferente a localidade e poderá exercelo a zona educativa e/ou incluír outras peticións de centros ou localidades, se desexan concursar a elas fóra do dereito preferente.

Oitava. Dereito preferente á localidade ou zona educativa

Conforme o establecido nos artigos 12.c) e 19 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, o persoal funcionario que teña dereito preferente a obter destino nunha localidade ou, no caso de mestres, zona educativa determinada, se desexa facer uso deste dereito ata que alcance aquel, deberá participar en todas as convocatorias que, para estes efectos, sexan realizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. De non participar, terase por decaído no dereito preferente.

Terá este dereito preferente, con ocasión de vacante, o persoal funcionario de carreira que se encontre nalgún dos supostos que se indican e pola orde de prelación en que estes se relacionan:

1. Por supresión ou modificación da praza ou posto de traballo que desempeñaban con carácter definitivo nun centro.
2. Por desprazamento do seu centro por insuficiencia total de horario, nas mesmas condicións que os titulares de postos suprimidos. Neste punto está incluído tamén o profesora-



do que estea prestando servizos no seu centro noutra especialidade por non ter ningunha hora ou menos de cinco na súa.

En todo caso, considérase profesorado desprazado por falta de horario o que, como consecuencia de traslado de ensinanzas, non puido quedar adscrito definitivamente no centro receptor, segundo dispón o artigo 7.3 do Decreto 140/2006, do 31 de agosto, polo que se determinan os criterios de perda do destino definitivo polo persoal funcionario docente.

3. Por desempeñar outro posto na Administración pública, con perda da praza docente que desempeñaba con carácter definitivo, e sempre que cesase no último posto.

4. Por reincorporación á docencia en España, de conformidade cos artigos 10.6 e 14.4 do Real decreto 1138/2002, do 31 de outubro, polo que se regula a administración do Ministerio de Educación no exterior, por finalización da adscrición en postos ou prazas no exterior ou por algunha outra das causas legalmente establecidas.

5. En virtude de execución de sentenza ou resolución de recurso administrativo.

6. Os que, tras teren sido declarados xubilados por incapacidade permanente, tivesen sido rehabilitados para o servizo activo.

Novena. Forma de exercer o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa

O persoal docente pertencente ao corpo de mestres poderá exercer este dereito necesariamente na localidade de que dimana o dereito e poderá exercelo, igualmente, en calquera outra ou en todas as localidades do ámbito da zona. O restante profesorado poderá exercer o dereito preferente á localidade onde tivo o último destino definitivo.

Para exercer o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa, a interesada ou interesado deberá formalizar na cuarta folla da solicitude o código da localidade e, se é o caso, da zona en que exerce o dereito preferente se se produce a vacante. Na mesma folla marcará cun X o suposto polo que exerce este dereito e consignará, tamén na mesma folla, no tipo de praza, a especialidade ou especialidades de que é titular ou para as cales está habilitado.

O persoal docente que exerza este dereito preferente deberá na páxina 7 da solicitude, nos recadros de centro ou localidade, especificar por orde de prioridade os códigos dos



centros ou localidades en que exercen este dereito, especificando no recadro correspondente referido a tipo de praza as siglas DPL, que significan dereito preferente a localidade. Nestes casos no tipo de praza non se porá o código da especialidade.

Sen prexuízo do anterior, o persoal que exerce o dereito preferente a localidade e/ou zona educativa poderá realizar outras peticións de centros ou localidades, se desexan concursar a elas fóra do dereito preferente, e que virán sempre consignadas con posterioridade ás peticións en que se exerce o dereito preferente.

Nestas peticións, no recadro tipo de praza especificarase o código da especialidade.

Décima. Data en que deben reunirse os requisitos de participación e de méritos

Todos os requisitos de participación, sen prexuízo do establecido na base común décimo segunda, así como os méritos alegados, deben reunirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, acreditándose na forma en que se establece nesta convocatoria.

Décimo primeira. Presentación de solicitudes

As solicitudes dirixiranse á Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e poderán presentarse:

- a) No Rexistro Xeral da Xunta de Galicia.
- b) Nos rexistros provinciais dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia.
- c) Na secretaría do centro educativo en que presta servizos o persoal concursante.
- d) En calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sen prexuízo do anterior, deberá terse en conta que para outros efectos distintos do concurso de traslados, as secretarías dos centros docentes non son unha das oficinas en que poden presentarse documentos dirixidos a calquera organismo público, de conformidade co disposto no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Décimo segunda. *Prazo de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes e documentos será de quince días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no DOG. Finalizado este prazo, non se admitirá ningunha nova solicitude nin a modificación das presentadas. Non se computarán como días hábiles os sábados, domingos e os días festivos.

Décimo terceira. *Forma de realizar as peticións*

O persoal asinante da solicitude deberá manifestar nela, de modo expreso, que reúne os requisitos exixidos na convocatoria, e consignar os centros que solicite por orde de preferencia, cos números de código e especialidade que figuran no anexo I a esta orde.

Décimo cuarta. *Comisión de Avaliación*

1. Para a avaliación dos méritos alegados polos concursantes, no que se refire aos puntos 6.1 e 6.3 do anexo I desta orde, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade designará a mesma comisión que resulte para o concurso de traslados convocado pola Orde do 19 de outubro de 2020 (DOG do 30 de outubro).

Poderá asistir ás reunións da Comisión Avaliadora un representante de cada organización sindical con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, con voz e sen voto.

A Comisión Avaliadora poderá solicitar o asesoramento que considere oportuno.

Os membros da Comisión estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación establecidas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Esta Comisión Avaliadora terá a súa sede na Inspección educativa de Santiago de Compostela, sita na rúa da Besada, San Lázaro, 107, código postal 15703.

A asignación de puntuación que corresponde aos concursantes, polos restantes puntos do baremo de méritos, será levada a efecto por unha comisión constituída por persoal funcionario destinado na Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Estas comisións estarán cualificadas na categoría primeira, para os efectos do previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño), modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (DOG do 18 de xullo).



Décimo quinta. *Criterios de prioridade na adxudicación de destinos*

1. Dereito preferente a centro.

a) O dereito preferente a centro recollido no artigo 16 do Real decreto 1364/2010, do 29 de outubro, implica, en canto á obtención de destino, unha prelación respecto aos participantes que exerzan o dereito preferente a localidade e zona educativa.

b) Entre varios dereitos preferentes ao mesmo centro a prelación virá determinada pola orde en que os supostos se relacionan na base sexta desta convocatoria.

c) Se hai dous ou máis participantes con dereito a centro que participan polo mesmo punto, a prioridade virá determinada pola maior puntuación total na aplicación do baremo de méritos.

d) No caso de que se producisen empates na puntuación total, utilizarase como primeiro criterio de desempate o maior tempo de servizos efectivos como funcionario de carreira no centro.

e) De resultar necesario, aplicaranse os demais criterios previstos no punto 3 desta base común.

2. Dereito preferente a localidade ou zona educativa.

Coa finalidade de establecer o dereito á reserva dunha praza da localidade ou zona educativa, establecerase a seguinte prioridade:

a) Entre varios dereitos preferentes á mesma localidade a prelación virá determinada pola orde en que os supostos se relacionan na base común oitava desta convocatoria.

b) Se hai dous ou máis participantes con dereito a localidade que participan polo mesmo punto, a prioridade virá determinada pola maior puntuación total na aplicación do baremo de méritos.

c) No suposto de que se producisen empates no total das puntuacións, aplicaranse os criterios de desempate establecidos no punto terceiro desta base.



3. Adxudicación ordinaria.

Sen prexuízo da prioridade determinada polo exercicio dos dereitos preferentes previstos na convocatoria, o concurso resolverase atendendo á puntuación resultante da aplicación do baremo de méritos contido no anexo II.

No caso de producirse empates no total das puntuacións, estes resolveranse atendendo sucesivamente a maior puntuación en cada unha das epígrafes do baremo, conforme a orde en que aparecen nel. Se persistir o empate, atenderase á puntuación obtida nas distintas epígrafes pola orde, igualmente, en que aparecen no baremo. En ambos os casos, a puntuación que se tome en consideración en cada epígrafe non poderá exceder a puntuación máxima establecida para cada unha delas no baremo, nin, no suposto das subepígrafes, a que corresponda como máximo á epígrafe en que se atopen incluídas. Cando, ao aplicar estes criterios, algunha ou algunhas das subepígrafes alcancen a máxima puntuación outorgada á epígrafe a que pertence, non se tomarán en consideración as puntuacións do resto das subepígrafes. De resultar necesario, empregárase como criterios de desempate o ano en que se convocou o procedemento selectivo a través do cal se ingresou no corpo e a puntuación pola que resultou seleccionado.

Décimo sexta. *Reclamacións e renuncias*

O persoal concursante poderá presentar reclamacións a resolución provisional, no prazo de cinco días hábiles contados desde o día seguinte á publicación da adxudicación de destinos provisionais na páxina web da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Sen prexuízo do parágrafo anterior, o persoal concursante poderá presentar reclamacións á puntuación outorgada, con anterioridade á resolución provisional do concurso, unha vez que se fagan públicas na páxina web desta consellería.

Igualmente, e no mesmo prazo, o persoal concursante poderá presentar renuncia á súa participación no concurso entendendo que tal renuncia afecta todas as peticións e especialidades consignadas na súa solicitude de participación.

Estas reclamacións ou renuncias presentaranse polos procedementos a que alude a base décimo primeira.



As persoas que desexen renunciar á súa participación no concurso deberán realizar a renuncia aínda no suposto de que non obtivesen destino na resolución provisional, xa que, de non facelo, poderán obter destino na resolución definitiva.

Décimo sétima. *Resolución definitiva*

Consideradas as reclamacións e renuncias a que se refire a base anterior, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos procederá a ditar as resolucións definitivas destes concursos de traslados. A dita resolución publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal/). As prazas adxudicadas na dita resolución son irrenunciabes, polo que o persoal participante deberá incorporarse ás prazas obtidas.

As persoas concursantes que obteñan praza neste concurso nalgúnhas das especialidades non relacionadas na base cuarta, punto 3, estarán obrigados, no prazo de dous anos contados a partir do 1 de setembro de 2020, a obter, polo menos, o certificado de lingua galega 4 (Celga 4), agás que acrediten telo superado con anterioridade ou estar en posesión dalgunha das súas validacións ou homologacións.

Contra a resolución definitiva, os interesados e as interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Décimo oitava

Os profesores que obteñan destino definitivo para o curso 2021/22 nesta convocatoria non poderán obter destino no concurso xeral de traslados nin noutros que convoque esta consellería.

Décimo novena. *Actividades*

Os profesores que obteñan destino definitivo neste concurso realizarán as actividades propias da educación de persoas adultas, incluídas as ensinanzas recollidas no número 2º do artigo 5 do Decreto 88/1999, do 11 de marzo, e a atención ás ensinanzas nos centros penitenciarios, no Decreto 126/2008, do 19 de xuño (DOG do 23 de xuño).

Así mesmo, impartirán as ensinanzas de ámbito de coñecemento atribuídas á súa especialidade, conforme o anexo III da Orde do 20 de marzo de 2018, pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.



Vixésima. Reingresos ao servizo activo

O profesorado excedente que reingrese ao servizo activo como consecuencia do concurso presentará ante a xefatura territorial da que dependa o centro obtido mediante o concurso de traslados declaración responsable de que non se atopa separado de ningún corpo ou escala da Administración do Estado, das comunidades autónomas ou da local, en virtude de expediente disciplinario, e de non estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e o certificado negativo de antecedentes penais por delitos sexuais.

Vixésimo primeira. Toma de posesión

A toma de posesión dos novos destinos terá efectividade administrativa do 1 de setembro de 2021. Non obstante, o profesorado que obteña destino neste concurso deberá permanecer no seu centro de orixe ata que conclúan as actividades imprescindibles previstas para a finalización do curso.

Vixésimo segunda. Exclusión da participación noutros concursos de traslados

As persoas que obteñan destino definitivo neste concurso de traslados serán excluídas da participación, cando sexa o caso, do concurso específico de orientación e do concurso de traslados ordinario convocados este curso académico 2020/21.

Vixésimo terceira. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2020

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

ANEXO I

Código e denominación do centro	Corpo e especialidade	Nº de vacantes
15025621. EPA Eduardo Pondal-A Coruña		
15025751. EPA Santa María de Caranza-Ferrol	590008. Bioloxía e Xeoloxía	1
15021482. IES San Clemente-Santiago de Compostela		
15032650. EPA de Teixeira-Curtis	590006. Matemáticas	1



Código e denominación do centro	Corpo e especialidade	Nº de vacantes
27601509. EPA de Albeiros-Lugo	590005. Xeografía e Historia.	1
	590015. Portugués	1
	597038. Educación primaria	1
27020811. EPA de Bonxe-Outeiro de Rei	590123. Procesos e Produtos en Madeira e Moble	1
27020823. EPA de Monterroso	597032. Lingua estranxeira: Inglés	1
32015581. EPA de Ourense	590006. Matemáticas	1
	590010. Francés	1
	590011. Inglés	1
	590018. Orientación Educativa	1
	590053. Lingua Galega e Literatura	2
32020771. EPA do Pereiro de Aguiar	590011. Inglés	1
36018872. EPA Río Lérez-Pontevedra	590005. Xeografía e Historia	1
	590006. Matemáticas	1
	597038. Primaria	1
36018884. EPA Berbés-Vigo	590004. Lingua Castelá e Literatura	1
	590005. Xeografía e Historia	1
	590007. Física e Química	1
	590011. Inglés	1
	590053. Lingua Galega e Literatura	1
36024720. EPA Nelson Mandela-A Lama	590007. Física e Química	1
	590011. Inglés	1
	590053. Lingua Galega e Literatura	1

ANEXO II

Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
1. Antigüidade:		Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.1. Antigüidade no centro.		
1.1.1. Por cada ano de permanencia ininterrompida como persoal funcionario con destino definitivo no centro desde o que concursa. Para os efectos desta subepígrafe unicamente serán computables os servizos prestados como persoal funcionario no corpo ou corpos a que corresponda a vacante.		
Polo primeiro e segundos ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.	2,0000 puntos por ano	
Polo terceiro ano: A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.	4,0000 puntos	
Polo cuarto ano e seguintes: A fracción de ano computarase a razón de 0,5000 puntos por cada mes completo.	6,0000 puntos por ano	



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>Para a valoración da subepígrafe 1.1.1 teranse en conta as seguintes situacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Considérase como centro desde o que se participa no concurso aquel a cuxo equipo pertenza o aspirante con destino definitivo, ou en que se estea adscrito, sempre que esta situación implique perda do seu destino docente, sendo unicamente computables por esta subepígrafe os servizos prestados como persoal funcionario no corpo a que corresponda a vacante. – Nos supostos de persoal funcionario docente en adscrición temporal en centros públicos españois no estranxeiro, ou en supostos análogos, a puntuación desta subepígrafe virá dada polo tempo de permanencia ininterrompida na devandita adscrición. Seguirase este mesmo criterio cos que foron nomeados para postos ou outros servizos de investigación e apoio á docencia da Administración educativa sempre que o nomeamento supuxese a perda do seu destino docente. <p>Cando se cese na adscrición e se incorpore como provisional á súa Administración educativa de orixe, entenderase como centro desde o que se participa o destino servido en adscrición, ao cal se acumularán, se é o caso, os servizos prestados provisionalmente, con posterioridade en calquera outro centro.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Cando se participe desde a situación de provisionalidade por suprimírselle a praza ou posto que se viña desempeñando con carácter definitivo, por perder o seu destino en cumprimento de sentenza ou resolución de recurso, ou por provir da situación de excedencia forzosa, considerárase como centro desde o que se participa o último servido con carácter definitivo, ao cal se acumularán, se é o caso, os prestados provisionalmente, con posterioridade, en calquera centro. Así mesmo, terán dereito, ademais, a que se lles acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter definitivo no centro inmediatamente anterior ao último servido con carácter definitivo. Se é o caso, a devandita acumulación estenderase aos servizos prestados con carácter definitivo nos centros que, sucesivamente, lles foron suprimidos. <p>No suposto de que non fose desempeñado outro destino definitivo distinto do suprimido, terá dereito a que se lle acumulen ao centro de procedencia os servizos prestados con carácter provisional antes da obtención do mesmo, en cuxo caso a puntuación a outorgar axustarase ao disposto na subepígrafe 1.1.2 do baremo.</p> <p>O disposto nos dous parágrafos anteriores será igualmente de aplicación aos que participen no concurso por perder o seu destino no cumprimento de sanción disciplinaria de traslado forzoso con cambio de localidade de destino.</p> <ul style="list-style-type: none"> – Nos supostos do primeiro destino definitivo obtido tras a supresión da praza ou posto que se viña desempeñando anteriormente con carácter definitivo, consideraranse como servizos prestados no centro desde o que se concursa, os servizos que se acrediten no centro no que se lles suprimiu a praza e, se é o caso, os prestados con carácter provisional con posterioridade á citada supresión. Este mesmo criterio aplicarase aos que obtivesen o primeiro destino logo de perder o anterior por cumprimento de sentenza, resolución de recurso ou para evitar a situación de excedencia forzosa. 		
<p>1.1.2. Por cada ano como persoal funcionario de carreira en situación de provisionalidade, sempre que se participe desde esta situación:</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>Cando se trate de persoal funcionario de carreira que participe por primeira vez con carácter voluntario desde o seu primeiro destino definitivo obtido por concurso, á puntuación correspondente á subepígrafe 1.1.1 sumaráselle a obtida por este subepígrafe. Unha vez obtido un novo destino non poderá acumularse esta puntuación.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<p>Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de carreira ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.</p>
<p>1.1.3. Por cada ano como persoal funcionario en praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade. (Ver disposición complementaria segunda).</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.</p> <p>Esta puntuación engadirase á puntuación obtida polas subepígrafes 1.1.1 ou 1.1.2.</p> <p>Non obstante, non se computará para estes efectos o tempo que se permanecese fóra do centro en situación de servizos especiais, en comisión de servizos, con licenzas por estudos ou en supostos análogos.</p>	<p>2,0000 puntos</p>	<ul style="list-style-type: none"> – Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente, acompañada dunha certificación expedida por esta, acreditativa de que a praza, posto ou centro, ten esa cualificación ou – Certificación da Administración educativa competente onde conste a data de comezo e fin da prestación efectiva dos servizos prestados na devandita praza, posto ou centro, especificándose que teñen a cualificación de especial dificultade.



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
1.2. Antigüidade no corpo.		
1.2.1. Por cada ano de servizos efectivos prestados en situación de servizo activo como persoal funcionario no corpo ou corpos ao que corresponda a vacante: As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1666 puntos por cada mes completo.	2,0000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.2. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE do mesmo ou superior subgrupo: As fraccións de ano computaranse a razón de 0,1250 puntos por cada mes completo.	1,5000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
1.2.3. Por cada ano de servizos efectivos como persoal funcionario noutros corpos docentes a que se refire a LOE de subgrupo inferior: As fraccións de ano computaranse a razón de 0,0625 puntos por cada mes completo.	0,7500 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que tivese desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.
<p>– Nos supostos recollidos neste número 1, ao persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, para os efectos de antigüidade tanto no centro como no corpo, valoraráselles os servizos prestados como persoal funcionario dos correspondentes corpos de profesores, así como os prestados como persoal funcionario dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, de escolas oficiais de idiomas e de profesores de termo de artes plásticas e de oficios artísticos.</p> <p>– Os servizos aludidos nas subepígrafes 1.2.2 e 1.2.3 non serán tidos en conta nos anos en que fosen simultáneos entre si ou cos servizos das subepígrafes 1.1.1 ou 1.1.2.</p> <p>– Para os efectos das subepígrafes 1.1.1, 1.1.2, 1.2.1, 1.2.2 e 1.2.3, serán computados os servizos que se prestasen en situación de servizos especiais, expresamente declarados como tales nas epígrafes previstas no artigo 87 do TRLEBEP aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, así como as situacións de idéntica natureza establecidas por disposicións anteriores á citada lei. Igualmente serán computados, para estes efectos, o tempo de excedencia por coidado de familiares declarada de acordo co artigo 89.4 da citada Lei 7/2007, do 12 de abril, que non poderá exceder os tres anos.</p>		
2. Pertenza aos corpos de catedráticos. Por ser persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de música e artes escénicas, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño.	5,0000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente onde conste a pertenza ao corpo de catedráticos ou copia simple do título administrativo ou credencial ou, se é o caso, o boletín ou diario oficial en que apareza o seu nomeamento.
3. Méritos académicos: Para os efectos da súa valoración por esta epígrafe, unicamente se terán en conta, os títulos universitarios oficiais con validez no Estado español. (Ver disposición complementaria terceira).	Máximo: 10 puntos	



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
3.1. Doutoramento, posgraos e premios extraordinarios:		
3.1.1. Por posuír o título de doutor:	5,0000 puntos	Copia simple do título ou certificación do aboamento dos dereitos de expedición do título ou certificado supletorio da titulación expedidos de acordo co previsto, se é o caso, na Orde do 8 de xullo de 1988 para a aplicación dos reais decretos 185/1985, do 23 de xaneiro, e 1496/1987, do 6 de novembro, en materia de expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 13 de xullo), na Orde ECI/2514/2007, do 13 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais de máster e doutor, ou no Real decreto 1002/2010, do 5 de agosto, sobre expedición de títulos universitarios oficiais (BOE do 6 de agosto).
3.1.2. Polo título universitario oficial de máster distinto do requirido para o ingreso á función pública docente, para cuxa obtención se exixisen, polo menos, 60 créditos.	3,0000 puntos	
3.1.3. Polo recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado-diploma acreditativo de estudos avanzados. Este mérito non se valorará cando sexa alegado o título de doutor.	2,0000 puntos	Copia simple do certificado-diploma correspondente.
3.1.4. Por obter premio extraordinario no doutoramento, na licenciatura ou grao ou, no caso das titulacións outorgadas polos conservatorios superiores de música, pola mención honorífica no grao superior.	1,0000 punto	Copia simple da documentación xustificativa deste.
3.2. Outras titulacións universitarias: As titulacións universitarias de carácter oficial, no caso de que non fosen as exixidas con carácter xeral para o ingreso no corpo desde o que se participa, valoraranse da forma seguinte:		
3.2.1. Titulacións de grao: Polo título universitario oficial de grao ou equivalente.	5,0000 puntos	A mesma documentación xustificativa que se indica para xustificar os méritos da subepígrafe 3.1.1.
3.2.2. Titulacións de primeiro ciclo: Pola segunda e restantes diplomaturas, enxeñarías técnicas, arquitecturas técnicas ou títulos declarados legalmente equivalentes e polos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría: No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A2, non se valorará por esta epígrafe, en ningún caso, o primeiro título ou estudos desta natureza que se presente. No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, o título ou estudos desta natureza que fose necesario superar para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. Non se valorarán os primeiros ciclos que permitisen a obtención doutras titulacións académicas de ciclo longo que se aleguen como méritos.	3,0000 puntos	Copia simple de todos os títulos que se posúan ou certificado do aboamento dos dereitos de expedición expedida de acordo co previsto na Orde do 8 de xullo de 1988 (BOE do 13 de xullo). Para a valoración dos estudos correspondentes ao primeiro ciclo dunha licenciatura, arquitectura ou enxeñaría, certificación académica onde conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes para a obtención dos devanditos títulos ou ciclos.
3.2.3. Titulacións de segundo ciclo: Polos estudos correspondentes ao segundo ciclo de licenciaturas, enxeñarías, arquitecturas ou títulos declarados legalmente equivalentes: No caso de persoal funcionario docente do subgrupo A1, non se valorarán por esta epígrafe, en ningún caso, os estudos desta natureza que fose necesario superar (primeiro ciclo, segundo ciclo, ou, se é o caso, ensinanzas complementarias), para a obtención do primeiro título de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto que se presente. As titulacións de só segundo ciclo e os títulos declarados equivalentes para todos os efectos ao título universitario de licenciado, unicamente se valorarán como un segundo ciclo.	3,0000 puntos	



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>3.3. Titulacións de ensinanzas de réxime especial e da formación profesional:</p> <p>As titulacións de ensinanzas de réxime especial outorgadas polas escolas oficiais de idiomas, conservatorios profesionais e superiores de música e danza e escolas de arte, así como as da formación profesional, caso de non ser as exixidas como requisito para ingreso na función pública docente ou, se é o caso, que non fosen necesarias para a obtención do título alegado, valoraranse da forma seguinte:</p>		<p>Para valorar os certificados das escolas oficiais de idiomas e título profesional de música ou danza:</p> <p>Copia simple do título que se posúa ou, se é o caso, certificación acreditativa de expedición do devandito título ou certificación acreditativa de ter superado os estudos conducentes á súa obtención.</p> <p>Para valorar as titulacións da alínea e) deberá presentarse certificación académica en que conste de forma expresa que se superaron todas as materias ou créditos conducentes á obtención dos devanditos títulos.</p>
a) Por cada certificado de nivel C2 do Consello de Europa:	4,0000 puntos	
b) Por cada certificado de nivel C1 do Consello de Europa:	3,0000 puntos	
c) Por cada certificado de nivel B2 do Consello de Europa:	2,0000 puntos	
d) Por cada certificado de nivel B1 do Consello de Europa:	1,0000 punto	
Cando proceda valorar as certificacións sinaladas nos puntos anteriores só se considerará a de nivel superior que presente o participante.		
e) Por cada título de técnico superior de Artes Plásticas e Deseño, técnico deportivo superior ou técnico superior de Formación Profesional ou equivalente:	2,0000 puntos	
f) Por cada título profesional de Música ou Danza:	1,5000 puntos	
4. Desempeño de cargos directivos e outras funcións: (ver disposición complementaria cuarta).	Máximo: 20 puntos	
<p>4.1. Por cada ano como director/a de centros públicos docentes, en centros de profesores e recursos ou institucións análogas establecidas polas administracións educativas nas súas convocatorias específicas, así como director/a de agrupacións de lingua e cultura españolas:</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.</p>	4,0000 puntos	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente en que consten as tomas de posesión e cesamento nos devanditos cargos ou copia simple do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa no cargo.
<p>4.2. Por cada ano como vicedirector/a, subdirector/a, xefe/a de estudos, secretario/a e asimilados en centros públicos docentes:</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,2083 puntos por cada mes completo.</p>	2,5000 puntos	
4.3. Outras funcións docentes:	Ata 5,0000 puntos	



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
<p>Por cada ano como coordinador/a de ciclo, coordinador/a do proxecto Abalar, asesor Amtega, coordinador de centro plurilingüe, coordinador de sección bilingüe, coordinador de auxiliares de conversa, responsable/coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares, responsable /coordinador da dinamización das TIC, responsable/coordinador de biblioteca, responsable/coordinador da convivencia escolar, responsable da mellora da calidade educativa e de programas internacionais, coordinador do equipo de dinamización da lingua galega, coordinador de formación en centros de traballo, coordinador do bacharelato internacional, coordinador de emprendemento, coordinador de programas internacionais, coordinador de innovación e formación do profesorado, coordinador de biblioteca de centro integrado, coordinador de residencia, xefe/a de seminario, departamento ou división de centros públicos docentes, asesor/a de formación permanente, asesor Abalar, asesor/a Siega, asesor/a da Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou director/a dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica, así como polo desempeño da función tutorial exercida a partir da entrada en vigor da LOE.</p> <p>A fracción de ano computarase a razón de 0,0833 puntos por cada mes completo.</p>	1,0000 punto	Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente en que consten as tomas de posesión e cesamento nas devanditas funcións, ou copia simple do nomeamento, con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación en que conste que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa desempeñando a función docente.
<p>Polas subepígrafes 4.1, 4.2, 4.3, 6.4 e 6.6 só se valorará o seu desempeño como persoal funcionario. No caso de que se desempeñase simultaneamente máis dun destes cargos ou funcións, non poderá acumularse a puntuación e valorarase o que poida resultar máis vantaxoso para o concursante. Para estes efectos, no caso de persoal funcionario de carreira dos corpos de catedráticos de ensino secundario, de escolas oficiais de idiomas e de artes plásticas e deseño, teranse en conta os servizos prestados nos devanditos cargos como persoal funcionario dos correspondentes corpos de profesores, incluídos os prestados como persoal funcionario dos antigos corpos de catedráticos de bacharelato, catedráticos de escolas oficiais de idiomas e profesores de termo de escolas de artes aplicadas e oficios artísticos.</p>		
5. Formación e perfeccionamento:	Máximo: 10 puntos	
<p>5.1. Actividades de formación superadas.</p> <p>Por actividades superadas que teñan por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos científicos e didácticos das especialidades do corpo a que pertenza o participante, ás prazas ou postos a que opte ou relacionadas coa organización escolar ou coas tecnoloxías aplicadas á educación, organizadas polo Ministerio de Educación, as administracións educativas das comunidades autónomas, por institucións sen ánimo de lucro, sempre que as devanditas actividades fosen homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas, así como as organizadas polas universidades.</p> <p>Puntuaranse con 0,1000 puntos por cada 10 horas de actividades de formación acreditadas. Para estes efectos, sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto do número de horas inferiores a 10. Cando as actividades veñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	Ata 6,0000 puntos	Copia simple do certificado destas expedido pola entidade organizadora en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase, ademais, acreditar fidedignamente o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
<p>5.2. Pola impartición das actividades de formación e perfeccionamento indicadas na subepígrafe 5.1.</p> <p>Puntuarase con 0,1000 puntos por cada 3 horas de actividade de formación acreditadas. Para estes efectos, sumaranse as horas de todas as actividades, non puntuándose o resto de número de horas inferiores a 3. Cando as actividades viñan expresadas en créditos, entenderase que cada crédito equivale a 10 horas.</p>	Ata 3,0000 puntos	Copia simple do certificado ou documento acreditativo da impartición da actividade, en que conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro, deberase, ademais, acreditar fidedignamente o recoñecemento ou homologación das ditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
5.3. Por cada especialidade da cal sexa titular correspondente ao corpo polo que se concursa e distinta á de ingreso neste, adquirida a través do procedemento de adquisición de novas especialidades previstos no Real decreto 850/1993, do 4 de xuño, 334/2004, do 27 de febreiro e 276/2007, do 23 de febreiro. (Para os efectos desta subepígrafe, no caso dos corpos de catedráticos valoraranse as especialidades adquiridas no correspondente corpo de profesores).	1,000 punto	Copia simple da credencial de adquisición da nova especialidade expedida pola Administración educativa correspondente.
6. Outros méritos:	Máximo: 15 puntos	
6.1. Publicacións: Por publicacións de carácter didáctico e científico sobre disciplinas obxecto do concurso ou directamente relacionadas con aspectos xerais do currículo ou coa organización escolar. Aquelas publicacións que, estando obrigadas a consignar o ISBN en virtude do disposto polo Decreto 2984/1972, do 2 de novembro, modificado polo Real decreto 2063/2008, do 12 de decembro, ou, se é o caso, ISSN ou ISMN, carezan deles, non serán valoradas, así como aquelas en que o autor sexa o seu editor. Para a valoración destas publicacións deberanse presentar os documentos xustificativos indicados nesta subepígrafe coas exigencias que así se indican. Puntuación específica asignable aos méritos baremables por esta epígrafe: a) Libros nos seus distintos formatos (papel ou electrónico): – Autor ata 1,000 punto – Coautor ata 0,5000 puntos – 3 autores ata 0,4000 puntos – 4 autores ata 0,3000 puntos – 5 autores ata 0,2000 puntos – Máis de 5 autores ata 0,1000 puntos. b) Revistas nos seus distintos formatos (papel ou electrónico): – Autor ata 0,2000 puntos – Coautor ata 0,1000 puntos – 3 ou máis autores ata 0,0500 puntos.	Ata 8,0000 puntos	– No caso de libros, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou copias simples. * Certificado da editorial onde conste: título do libro, autor/es, ISBN, depósito legal e data da primeira edición, o número de exemplares e que a difusión destes foi en librerías comerciais. En relación cos libros editados por administracións públicas e universidades (públicas-privadas) que non se difundiron en librerías comerciais, ademais dos datos anteriores, no certificado debe constar o título do libro, autor/es, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais etc.). Nos supostos en que a editorial ou asociación desaparecesen, os datos requiridos neste certificado deberán xustificarse por calquera medio de proba admisible en dereito. – No caso de revistas, a seguinte documentación: * Os exemplares correspondentes ou copias simples. * Certificado en que conste: o número de exemplares, lugares de distribución e venda, ou asociación científica ou didáctica, legalmente constituída, a que pertence a revista, título da publicación, autor/es, ISSN ou ISMN, depósito legal e data de edición. En relación coas revistas editadas por administracións públicas e universidades (públicas-privadas), que non se difundiron en establecementos comerciais, no certificado debe constar o título da revista, autor/es, data da primeira edición, o número de exemplares, os centros de difusión (centros educativos, centros de profesores, institucións culturais etc.). – No caso de publicacións que soamente se dan en formato electrónico, presentarase un informe no cal o organismo emisor certificará que a publicación aparece na correspondente base de datos bibliográfica. Neste documento indicarse a base de datos, o título da publicación, os autores, o ano e a URL.



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
6.2. Por premios de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados polo Ministerio de Educación ou polas administracións educativas das comunidades autónomas. Pola participación en proxectos de investigación ou innovación no ámbito da educación.	Ata 2,5000 puntos	A acreditación xustificativa de ter obtido os premios correspondentes, expedida polas entidades convocantes, ou de ter participado nos proxectos de investigación ou innovación expedidos pola Administración educativa correspondente.
6.3. Méritos artísticos e literarios: – Por premios en exposicións ou en concursos ou en certames de ámbito autonómico, nacional ou internacional. – Por composicións ou coreografías estreadas como autor ou gravacións con depósito legal. – Concertos como director, solista, bailarín/a, solista na orquestra ou en agrupacións camerísticas (dúos, tríos, cuartetos...) – Por exposicións individuais ou colectivas.	Ata 2,5000 puntos	No caso de exposicións: programas onde conste a participación do interesado e certificación da entidade organizadora. No caso dos premios: certificado da entidade que emite o premio, onde conste o nome do premiado/s, o seu ámbito e a categoría do premio. No caso das composicións: certificado ou documento acreditativo en que figure que é o autor e o depósito legal desta. No caso das gravacións: certificado ou documento acreditativo en que figure que é o autor ou intérprete e o depósito legal desta. No caso dos concertos: programas onde conste a participación do interesado e certificación da entidade organizadora, onde conste a realización do concerto e a participación como director/a, solista ou solista con orquestra/grupo.
6.4. Por cada ano de servizo desempeñando postos na administración educativa de nivel de complemento de destino igual ou superior ao asignado ao corpo polo cal participa. A fracción de ano computarase a razón de 0,1200 puntos por cada mes completo.	1,5000 puntos	Copia simple do nomeamento expedido pola Administración educativa competente con dilixencia de posesión e cesamento ou, se é o caso, certificación de que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes se continúa no posto.
6.5. Por cada convocatoria en que se actuase efectivamente como membro dos tribunais dos procedementos selectivos de ingreso ou acceso aos corpos docentes a que se refire a LOE. Por esta subepígrafe unicamente se valorará ter formado parte dos tribunais a partir da entrada en vigor do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro (BOE do 2 de marzo).	0,2500 puntos	Certificado expedido polo órgano da Administración educativa convocante que teña a custodia das actas dos tribunais destes procedementos.
6.6. Por cada curso de titorización das prácticas do título universitario oficial de máster ou, se é o caso, da formación equivalente regulada pola Orde EDU/2645/2011, do 23 de setembro (BOE do 5 de outubro), para acreditar a formación pedagóxica e didáctica exixida para exercer a docencia en determinadas ensinanzas do sistema educativo, así como pola titorización das prácticas para a obtención dos títulos universitarios de grao que o requiran.	0,1000 punto	Certificado expedido pola Administración educativa competente ou, se é o caso, do director do centro público docente en que se realizase a titorización, con indicación do curso académico e duración das prácticas.



Méritos	Valoración	Documentos xustificativos
7. Méritos específicos.	Valoración	Documentos xustificativos
7.1. Por cada curso superado que teña por obxecto o perfeccionamento sobre aspectos da educación permanente de adultos, 0.20 puntos por cada 10 horas.		Copia simple do certificado destas pola entidade organizadora no cal conste de modo expreso o número de horas de duración da actividade. No caso das organizadas polas institucións sen ánimo de lucro deberase ademais, acreditar de maneira que faga fe o recoñecemento ou homologación das devanditas actividades pola Administración educativa correspondente, ou certificado de inscrición no rexistro de formación da Administración educativa.
7.2. Por cada ano de experiencia na ensinanza de adultos en centros específicos de EPA, INGABAD, CEGEBAD e as súas extensións, 4 puntos por ano. A fracción de ano computarase a razón de 0,3333 puntos por cada mes completo.		Folla de servizos expedida pola Administración educativa competente ou título administrativo ou credencial con dilixencias das distintas tomas de posesións e cesamentos que teña desde o seu nomeamento como funcionaria ou funcionario de ou, se é o caso, dos correspondentes documentos de inscrición nos rexistros de persoal.

Disposición complementaria primeira

Os méritos alegados polas persoas participantes teranse cumpridos ou recoñecidos na data de terminación do prazo de presentación de solicitudes. Unicamente se valorarán, por tanto, os méritos que se posúan ata a finalización deste.

Disposición complementaria segunda. *Antigüidade*

Procederá outorgar puntuación pola subepígrafe 1.1.3 aos participantes no concurso que se encontren nas seguintes situacións:

- Os que participen no concurso conforme a subepígrafe 1.1.1 con destino definitivo na praza, posto ou centro de especial dificultade.
- Os que participen no concurso conforme a subepígrafe 1.1.2 e durante o tempo de provisionalidade estiveran nunha praza, posto ou centro de especial dificultade.
- Os participantes das subepígrafes 1.1.1 e 1.1.2 que teñan concedida unha comisión de servizos noutra praza, posto ou centro que teña a cualificación de especial dificultade.



Disposición complementaria terceira. Méritos académicos

1. Para poderen obter puntuación por outras titulacións universitarias de carácter oficial, deberá presentarse copia simple de cantos títulos se posúan, incluído o alegado para ingreso no corpo.

2. Nas subepígrafes 3.1 soamente se valorará un título por cada un deles. Non se baremará pola subepígrafe 3.1.2 ningún título de máster exixido para o ingreso na función pública docente. Así mesmo, para os efectos da subepígrafe 3.1.2, cando se alegue o título de doutor non se valorará o título de máster oficial que constituía un requisito de acceso ao doutoramento.

3. No que respecta á baremación de titulacións de primeiro ciclo, non se entenderá como tal a superación dalgún dos cursos de adaptación. Para a valoración da subepígrafe 3.2 non se considerarán como títulos distintos as diferentes mencións que se asenten nunha titulación.

4. Cando os títulos fosen obtidos no estranxeiro ou fosen expedidos por institucións docentes doutros países, deberá achegarse, ademais, a correspondente homologación.

5. Non se baremarán polas subepígrafes 3.1 e 3.2 os títulos universitarios non oficiais que conforme a disposición adicional décimo primeira do Real decreto 1397/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais, sexan expedidos polas universitarias no uso da súa autonomía.

Disposición complementaria cuarta. Valoración dos cargos directivos e outras funcións

1. Para os efectos previstos nas subepígrafes 4.1, 4.2 e 4.3 do baremo de méritos, consideraranse centros públicos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

Institutos de bacharelato.

Instituto de formación profesional.

Centros de educación de persoas adultas, sempre que impartan as mesmas ensinanzas que nos centros aos cales se refiren estas subepígrafes.

Centros de ensinanzas integradas.



Para estes mesmos efectos, considéranse centros públicos os que corresponden ás prazas dos corpos de catedráticos e profesores de música e artes escénicas de conservatorios de música:

Conservatorios superiores de música ou danza.

Conservatorios profesionais de música ou danza.

Conservatorios elementais de música.

Escolas superiores de arte dramática.

Escola superior de canto.

2. Para os efectos previstos na subepígrafe 4.2 do baremo de méritos, consideraranse como cargos directivos asimilados aos centros públicos de ensino secundario os seguintes:

Secretario adxunto.

Os cargos aludidos neste punto desempeñados en seccións de formación profesional.

Xefe de estudos adxunto.

Xefe de residencia.

Delegado do xefe de estudos de instituto de bacharelato ou similares en comunidades autónomas.

Director-xefe de estudos de sección delegada.

Director de sección filial.

Director de centro oficial de padroado de ensino medio.

Administrador en centros de formación profesional.

Profesor delegado no caso da sección de formación profesional.

Disposición complementaria quinta

Os cursos de iniciación e perfeccionamento de galego e as súas validacións serán puntuables pola epígrafe 5.1 deste anexo. Non se valorarán as validacións cando simultaneamente se acredite a realización dos correspondentes cursos. Así mesmo, puntuaranse por esta epígrafe 5.1 os cursos de especialización.



Disposición complementaria sexta

O nivel avanzado de galego da escola oficial de idiomas, o ciclo superior e o certificado de aptitude e o nivel intermedio B2, das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, puntuarán na epígrafe 3.3 como nivel B2.

O nivel intermedio de galego da escola oficial de idiomas e o ciclo elemental e o nivel intermedio B1 das ensinanzas reguladas polo Real decreto 1041/2017, do 22 de decembro, puntuarán na epígrafe 3.3 como nivel B1.

Disposición complementaria sétima

En relación coa puntuación das epígrafes 6.1 e 6.3 non se baremarán publicacións que constitúan programación didáctica, temarios de oposicións, traballos de materias de carreira, máster ou doutouramento, edicións de centros docentes e de formación do profesorado, publicacións de prensa nin artigos de opinión. Unha publicación só será valorada nunha das súas edicións. Aplicaranse os criterios de valoración establecidos pola Comisión Baremadora do concurso de traslados convocado pola Orde do 8 de novembro de 2010.

Disposición complementaria oitava

As actividades realizadas a partir do 23 de maio de 2013, relacionadas nos artigos 32 a 40 da Orde do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro de actividades de formación permanente do profesorado, para que sexan baremables no concurso de traslados deberán estar debidamente rexistradas no Rexistro Xeral das Actividades de Formación do Profesorado.

Disposición complementaria novena

As actividades de formación que se valoran pola epígrafe 7.1 non se baremarán na epígrafe 5.1.

A baremación dos anos de experiencia da epígrafe 7.2 son compatibles coa súa valoración na epígrafe 1.

